

Comezan os talleres de Igualdade no Concello de Camariñas

O mércores 7 e o Xoves 8, levaranse a cabo os talleres entre homes e mulleres e a loita contra a violencia de xénero no IES Pedra da Aguia da Ponte do Porto, por parte da técnica de igualdade, contratada polo Concello de Camariñas. Os talleres van encamiñados a realización de diferentes actividades, facendo partícipe a todo o alumnado do centro.

Este ano a temática dos talleres é a violencia de xénero e o amor romántico mediante o análise crítico de varias cancións. Mediante elas, preténdese previr ideas como o amor romántico avasalador, que todo o perdoa, que todo o quere, assimilar os conceptos ocultos mediante a música que eles escoitan pop, rock, reguetón, descubrir mitos que poden encerrar perigos, entre outros conceptos...

En fin, unha boa iniciativa desenrolada polo concello para tratar de erradicar da sociedade a violencia de xénero.

